



Lectura e familias

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación recolle no apartado 2 do artigo 2, modificado pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que os poderes públicos deben prestar unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza, entre os que se nomean o fomento da lectura e o uso das bibliotecas.

As bibliotecas escolares, configuradas como centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe, evolucionan e adáptanse ás novas necesidades educativas e sociais, amplíanas súas posibilidades e vanse deseñando como centros creativos de aprendizaxe integrados na vida da institución educativa, que apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensino e facilitan ao alumnado as aprendizaxes dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias clave e de hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa.

A biblioteca escolar ten como principal misión a de exercer de mediadora da lectura no centro, proporcionando recursos, servizos e oportunidades para o desenvolvemento da competencia lectora para todo tipo de textos, soportes e finalidades, así como de hábitos de lectura no conxunto da comunidade escolar. O equipo de biblioteca, xunto co resto do profesorado, procura deseñar, a tal efecto, experiencias de lectura variadas e plurais, acordes ás formas de comunicación actuais e ás necesidades de alumnado, do profesorado e das familias.

Por outra banda, a biblioteca escolar debe actuar como axente de compensación social, ofrecendo á comunidade un acceso igualitario á información, a educación e a cultura. Neste sentido, a apertura das bibliotecas fóra do horario escolar resulta de gran valor para a comunidade educativa na medida en que proporciona un espazo de encontro que favorece a vivencia dun lecer enriquecedor e complementa a oferta educativa e cultural da contorna máis próxima.

A mellora da competencia lectora debe estar presente de forma transversal no currículo e require da colaboración de toda a comunidade educativa —docentes, bibliotecas escolares e familias— para crear un ecosistema lector que acompañe o alumnado ao longo de toda a súa escolaridade.

Nos últimos anos, as bibliotecas escolares deron pasos importantes cara a unha maior implicación das familias na educación lectora do seu alumnado. Así, puxéronse en marcha iniciativas que inclúen a organización de actividades de formación específicas para familias, a creación de espazos de lectura compartida, a incorporación de seccións destinadas ás familias dentro da colección da biblioteca ou mesmo a participación directa das familias en accións de mediación lectora e de busca e tratamento da información.



Estas experiencias veñen demostrando que o compromiso activo das familias non só reforza a relación coa biblioteca escolar, senón que constitúe un poderoso estímulo para o desenvolvemento do hábito lector nas nenas e nenos. A súa presenza e implicación serve de modelo positivo e motivador, contribuíndo de maneira decisiva á consecución dos obxectivos establecidos no ámbito da lectura.

Por este motivo, resulta fundamental continuar avanzando neste camiño, promovendo a súa implicación, facilitando contextos nos que nais, pais e outras persoas da contorna familiar poidan amosarse como modelos lectores, compartir experiencias lectoras coas súas fillas e fillos e implicarse no deseño de actividades de mediación lectora e acceso á información. Esta participación contribúe non só ao fortalecemento dos vínculos entre escola e familia, senón tamén á creación dunha cultura compartida do libro e da lectura.

Cómpre avanzar cara a unha biblioteca escolar que lles abra as portas, que as recoñeza como aliadas estratéxicas e que lles ofrezca espazos e oportunidades para participar activamente. As bibliotecas escolares deben, polo tanto, favorecer iniciativas que conviden as familias a formaren parte do seu proxecto, xerando unha dinámica participativa que reverta positivamente en toda a comunidade educativa.

O Plan LÍA 2021-2025 de bibliotecas escolares incidiu nesta liña co desenvolvemento de novos ámbitos de actuación para este período centrados en reforzar o deseño de máis e mellores experiencias de lectura destinadas a todos os integrantes da comunidade escolar, e fomentar así a implicación das familias na formación das novas lectoras e dos novos lectores. Trátase de promover desde a biblioteca escolar capacidades e actitudes relacionadas coa lectura e a comprensión lectora, o pracer da lectura e a lectura por pracer, así como a lectura para aprender e para informarse, con implicación de toda a comunidade educativa, e facilitar a disposición, comunicación e difusión de textos de ficción e de non ficción en múltiples formatos e soportes, que permitan ao alumnado o desenvolvemento da competencia lectora e escritora ademais da súa educación literaria.